


A lírica medieval

# AS CANTIGAS DE SANTA MARÍA

Lingua Galega e Literatura I

# OS CÓDICES

01

## Códice de Toledo (To) ou da Biblioteca Nacional de Madrid:

160 follas de pergamiño e 128 cantigas. Semella unha copia posterior á primeira colección.

02

## Códice do Escorial (T) ou Códice rico

193 composicións con notación musical e 1262 miniaturas. Inclúe unha prosificación en castelán das primeiras vinte e cinco cantigas, que poden presentar importantes diferenzas coa orixinal.

03

## Manuscrito da Biblioteca Nacional de Florencia (F)

131 follas conservadas de 166, con 104 cantigas. Está incompleto, hai cadros sen rematar e non ten notación musical.

04

## Códice do Escorial (E) ou Códice dos músicos

follas de papel e 361 de pergamiño. Contén 417 cantigas, 40 miniaturas e notación musical.

# Códice do Escorial (E) ou Códice dos músicos







# Códice do Escorial (T) ou Códice rico



# AS FONTES

- Mariais latinos da Idade Media.
- Narracións latinas de carácter máis xeral en que aparecen milagres marianos.
- Coleccións de milagres marianos, escritos no mesmo século XIII en linguas romances.
- Coleccións procedentes de diferentes santuarios peninsulares.
- Consellas orais.
- Impresións e lembranzas do mesmo rei ou dos seus colaboradores.

# CLASIFICACIÓN

## CANTIGAS NARRATIVAS

O primeiro destes dous grupos está constituído por aquelas composicións nas cales asistimos a un relato onde o seu protagonista aparece en debate co pecado ou diante dun perigo iminente. Tan só a intervención marabillosa da Virxe logra resolver satisfatoriamente a conxuntura, polo que a cantiga finaliza sempre con agradecementos e loanzas á figura de santa María.

A organización destes textos responde ao seguinte esquema:

- Introdución acerca do milagre que vai ser relatado, seguido dunha máxima que logo se repetirá ao final de cada estrofa en forma de refrán.
- Relato do milagre.
- Conclusión moral.

# CLASIFICACIÓN

## CANTIGAS LÍRICAS

O segundo apartado dentro das cantigas de santa María está composto polas cantigas líricas. Trátase de composicións que decorren por dúas vías esenciais: unha que segue o modelo das cantigas de amor e outro que provén de inspiración litúrxica.

O primeiro conxunto, conformado polas cantigas de loor, segue, daquela, o modelo da cantiga de amor trobadoresca. Estas composicións aparecen intercaladas entre cada nove cantigas, ocupando os números 1, 10, 20, 30... Nelas, Afonso X reitera nelas a súa decisión de converterse en trobador da Virxe.

# DISTRIBUCIÓN TEMÁTICA

- Milagres que exaltan a María como auxiliadora do seus devotos, sanadora dos doentes, consolo dos que padecen algunha aflición etc.
- Milagres que loan as virtudes cristiás: oración, penitencia, caridade, castidade etc.
- Milagres que critican e reprenden pecados e costumes deshonestos: blasfemia, roubo, inxuria, orgullo, soberbia, luxuria etc.
- Milagres a prol de santuarios e igrexas marianas.
- Visións, animacións de obxectos e imaxes da Virxe.
- Cantigas que fan mención dos feitos dedicados a María.
- Cantigas que lembran e exaltan os misterios máis significativos do cristianismo: a Creación, o nacemento e a resurrección de Cristo etc.

# A FUNCIÓN DAS CSM

- **As cantigas como marioloxio:** situar a Virxe no punto máis alto do universo, como a «dona das donas».
- **As cantigas como exemplos:** carácter didáctico.
- **As cantigas como colección:** obra enciclopédica sobre a Virxe.
- **As cantigas como propaganda política, cultural e relixiosa:** Toledo fronte a Compostela e fronte aos musulmáns